



Como buscar e usar a información para elaborar a tese de doutoramento

GUÍA DIDÁCTICA

Plano de Formación en
Competencias Dixitais da
Biblioteca Universitaria

Curso semipresencial para alumnado de
doutoramento da Universidade da Coruña
Febreiro 2026

DESTINATARIOS

Alumnado de doutoramento da Universidade da Coruña.

MODALIDADE SEMIPRESENCIAL DE 12 HORAS

- 6 horas teóricas en liña a través do Campus Virtual.
- 6 horas prácticas en obradoiros presenciais nas bibliotecas dos centros ou telemáticos a través de Teams.

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

- Coñecer os servizos que a biblioteca ofrece ao alumnado de doutoramento para axudarlle na súa investigación e na elaboración da súa tese de doutoramento.
- Citar correctamente as fontes consultadas na elaboración da tese de doutoramento e usar xestores de referencias bibliográficas para organizalas.
- Identificar, localizar e usar os principais recursos de información que ofrece a biblioteca, particularmente aqueles especializados nas áreas de coñecemento onde o alumnado desenvolve a súa investigación.
- Facilitar estratexias para realizar buscas de información avanzadas e poder avaliar a información obtida.
- Coñecer as boas prácticas para a busca, o uso e a xestión dos datos de investigación.
- Coñecer os pasos para incorporar a tese de doutoramento en acceso aberto no Repositorio da Universidade da Coruña (RUC).

CRONOGRAMA

- Parte teórica: do 2 ao 28 de febreiro de 2026.
- Parte práctica: do 2 ao 31 de marzo de 2026 (acordarase a data coa biblioteca de cada centro).

AVALIACIÓN

Para superar o curso e obter a certificación correspondente requirirase:

- Parte teórica: realización das tarefas e/ou resolución de cuestionarios propostos para cada unidade didáctica.
- Parte práctica: realización dun obradoiro con exercicios e exemplos de aplicación real relacionados cos contidos do curso.

CONTIDOS FORMATIVOS

Unidade didáctica 1. As citas bibliográficas e as referencias.

OBXECTIVO XERAL

Acadar as habilidades necesarias para citar correctamente as fontes consultadas para a elaboración da tese de doutoramento e organizar as referencias cun xestor bibliográfico.

CONTIDOS

- As citas e as referencias bibliográficas.
- Os xestores bibliográficos.

OBRADOIROS

Traballaranse exemplos prácticos no xestor bibliográfico RefWorks. No caso de que o doutorando xa traballe con outro xestor veranse as vantaxes que ten e as posibilidades de cambiar.

Unidade didáctica 2. A busca de información.

OBXECTIVO XERAL

Saber seleccionar os recursos máis axeitados para realizar as buscas de información para as investigacións que realice o alumnado e establecer estratexias de busca avanzada. Coñecer como acceder ao texto completo dos recursos electrónicos que ofrece a Biblioteca.

CONTIDOS

- Definir as necesidades de información.
- As fontes de información.
- Que se publicou sobre un tema?: as buscas, as bases de datos e plataformas de recursos electrónicos.

OBRADOIROS

- Buscar os recursos electrónicos dos que dispón a Biblioteca.
- Buscar en fontes de información especializadas: funcionalidades avanzadas.
- Análise de resultados nas bases de datos de citas: Web of Science e Scopus.

Unidade didáctica 3. A xestión dos datos de investigación empregados na tese.

OBXECTIVO XERAL

Comprender os conceptos clave para a xestión dos datos de investigación e as boas prácticas para a súa organización, almacenamento e preservación.

Iniciarse na elaboración dun plan de xestión de datos.

CONTIDOS

- Definición e ciclo de vida dos datos.
- O plan de xestión de datos.
- Como atopar datos de investigación.

OBRADOIROS

Usarase a aplicación web DMPonline para comezar a deseñar un plan de xestión de datos.

Unidade didáctica 4. A presentación, arquivo e difusión da tese de doutoramento.*

OBXECTIVO XERAL

Coñecer as pautas que hai que seguir para a presentación da tese de doutoramento tanto en formato impreso como electrónico e as cuestións a ter en conta para a súa incorporación ao RUC.

CONTIDOS

- Recomendacións para a presentación da tese de doutoramento.
- O arquivo e difusión da tese de doutoramento en acceso aberto no RUC.
- A visibilidade das teses de doutoramento da Universidade da Coruña.

*A unidade didáctica 4 non se traballará nos obradoiros.